

DOMINGO XXI ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 66, 18-21

Lectura do libro do profeta Isaías

Isto di o Señor: Eu chego para xuntar tódolos pobos e as linguas, para que veñan e vexan a miña gloria.

Porei no medio deles un sinal e mandarei os superviventes de entre eles ás nacións: a Tárxix, a Pul e a Lud, ós que tensan o arco, a Tubal e a Iaván, ás remotas nacións costeiras que non oíron o meu renome, nin viron a miña gloria.

Eles manifestarán a miña gloria entre os pobos. Eles traerán a tódolos seus irmáns como ofrenda para o Señor, en cabalos e en carros, en liteiras, en mulos e en dromedarios, ata o meu santo monte de Xerusalén -dío o Señor-, así como os fillos de Israel traen ó templo do Señor a ofrenda en vasillas limpas. Tamén collerei a algúns deles para sacerdotes e levitas -dío o Señor-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 116, 1. 2.

R/. (Mc 16, 15): Ide predicado Evanxeo a todo o mundo.

Ou: Aleluia.

Loade o Señor, tódalas nacións,
aclamádeo, tódolos pobos.

Porque é firme connosco a súa misericordia,
e a fidelidade do Señor dura por sempre.

SEGUNDA LECTURA Heb 12, 5-7. 11-13

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Xa vos esqueceu aquel consello de Deus, que vos fala coma a fillos: "Meu fillo, non despréce-la corrección do Señor nin esmorezas cando El che rife; porque o Señor, a quen lle quere ben, corríxeo, e zorrégalle a todo aquel que recoñece por fillo".

Aturade a corrección, para o voso adestramento: é Deus que vos trata coma fillos. Porque, ¿hai algún fillo a quen non corrixa seu pai? Certo que ningunha corrección resulta agradable de momento senón triste; pero co tempo ós que están exercitados nela págalles co froito sereno da xustiza.

Por iso, entesade as vosas mans febles e os vosos xeonllos trementes e poñede os vosos pés en vieiros dereitos para que a perna coxa non escorde, senón que máis ben cure.

EVANXEO Lc 13, 22-30

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, atravesaba Xesús vilas e aldeas ensinando, camiño de Xerusalén. Un preguntoulle: - Señor, ¿e logo son poucos os que se salvan? El respondeu: - Loitade para entrardes pola porta estreita, porque vos aseguro que moitos intentarán entrar e non poderán. Despois de que o dono da casa peche a porta e empecéde-los de fóra a petar nela dicindo: "Señor, ábrenos", el responderá: "Non sei quen sodes".

Entón empezaredes a dicir: "¡Se nós comemos e bebemos contigo e ti ensinaches polas nosas rúas!". El repetirá: "Non sei quen sodes. ¡Arredade de min os que practicáde-la inxustiza!". Daquela habedes chorar e hanvos renxe--los dentes: cando vexades que Abrahán, Isaac, Xacob e tódolos profetas están no Reino de Deus, e que a vós vos botan para fóra. E chegarán de Oriente e Occidente, do norte e do sur a sentar na mesa do Reino de Deus. Si, hainos que son últimos e serán os primeiros, e hainos primeiros que serán os derradeiros.